

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8263 *Real decreto lei 10/2021, do 18 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos causados pola borrasca Filomena.*

I

A previsión de intensas nevaradas como consecuencia da borrasca «Filomena» determinou a activación dos correspondentes plans territoriais ou especiais das comunidades autónomas do Principado de Asturias, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Andalucía, Aragón, Madrid, La Rioja e Navarra na súa fase máxima de emerxencia. Noutras comunidades autónomas, a activación dos plans tivo lugar nalgunha fase inferior.

O día 5 de xaneiro de 2021, á vista dos avisos emitidos pola Axencia Estatal de Meteoroloxía, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias convocou a Unidade de Valoración de Riscos do Protocolo de Coordinación de Actuacións na Rede de Estradas do Estado ante fenómenos meteorolóxicos adversos, e alertáronse igualmente os órganos competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, así como as delegacións do Goberno.

O 7 de xaneiro de 2021 foi activada a fase 2 do Plan estatal xeral de emerxencias de protección civil (Plexem), declaración á cal se sumaron varias comunidades autónomas que activaron os seus plans no seu nivel máximo de alerta ante os efectos meteorolóxicos asociados á borrasca «Filomena». O Plexem estivo activado nesta fase desde as 10.50 horas do día 7 de xaneiro ata as 13.00 horas do día 18 de xaneiro; esta é a determinación do ámbito temporal deste episodio catastrófico, ampliado nalgunha comunidade autónoma ata a desactivación total dos seus plans de emerxencia. Noutras, a activación dos plans tivo lugar nalgunha fase inferior, como foi o caso das comunidades autónomas de Canarias, Cantabria, Cataluña, Rexión de Murcia e Comunidade Valenciana.

Durante o período de activación dos plans mencionados producíronse danos persoais e en infraestruturas e bens públicos e privados, así como danos en cultivos e explotacións agropecuarias, polígonos industriais e outras instalacións produtivas.

A magnitude da emerxencia, as medidas necesarias para remediar a grave perturbación das condicións de vida da poboación, o pleno restablecemento dos servizos públicos esenciais e, en definitiva, a recuperación da normalidade nas zonas afectadas xustifican a intervención da Administración xeral do Estado, desde o principio de solidariedade interterritorial e, de maneira subsidiaria, para complementar as actuacións que, en exercicio das súas competencias, teñen encomendadas as administracións públicas territoriais.

Neste sentido, o artigo 20 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, prevé que, cando se produza unha emerxencia cuxa magnitude requira para a súa recuperación a intervención da Administración xeral do Estado, se aplicarán as medidas recollidas no capítulo V do título II, logo da súa declaración de acordo co procedemento previsto no seu artigo 23.

Pola súa vez, o artigo 24 do citado texto legal recolle unha relación de medidas que se poderán adoptar cando se produza a mencionada declaración, nos termos que aprobe o Consello de Ministros.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no mencionado artigo 23 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 19 de xaneiro de 2021, acordou declarar zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil as comunidades autónomas do Principado de Asturias, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Andalucía, Aragón, Madrid, La Rioja e Navarra, como consecuencia do episodio «Filomena» 1/2021.

Este real decreto lei ten por obxecto contribuír ao restablecemento da normalidade das zonas afectadas e á adopción, coa necesaria celeridade que demandan as circunstancias, das medidas recollidas polo artigo 24.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, como son determinados beneficios fiscais e medidas laborais e en materia de seguridade social, algunhas das cales exigen a aprobación dunha norma de rango legal. E para paliar en parte os efectos ocasionados por estes fenómenos atmosféricos en vivendas, establecementos e explotacións de distinta natureza, en infraestruturas e equipamentos, no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo-terrestre.

II

Nas medidas que se propoñen concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

O aludido artigo 86 da Constitución española permítelle ao Goberno ditar decretos leis «en caso de urxente e extraordinaria necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Polo que respecta ao primeiro aspecto, o emprego deste instrumento normativo con rango de lei está condicionado á existencia de circunstancias concretas que «por razóns difíciles de prever, require dunha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria de leis» (STC 6/1983, do 4 de febreiro).

O Tribunal Constitucional declarou que esa situación de extraordinaria e urxente necesidade se pode deducir «dunha pluralidade de elementos», entre eles, «os que quedan reflectidos na exposición de motivos da norma» (STC 6/1983, do 4 de febreiro). Pola súa banda, entre a situación de extraordinaria e urxente necesidade que habilita o emprego do real decreto lei e as medidas contidas nel debe existir unha «relación directa ou de congruencia». Polo tanto, para a concorrencia do presuposto da extraordinaria e urxente necesidade, a STC 61/2018, do 7 de xuño, (FX 4) exige, por unha banda, «a presentación explícita e razoada dos motivos que foron tidos en conta polo Goberno para a súa aprobación», é dicir, o que se denominou a situación de urxencia; e, por outra, «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para remediala».

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (SSTC 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, FX 4, 137/2003, do 3 de xullo, FX 3, e 189/2005, do 7 xullo, FX 3), reparar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

A extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 142/2014, do 11 de setembro, FX 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC do 30 de xaneiro de 2019), centradas no cumprimento da seguridade xurídica e da saúde pública. Os motivos de oportunidade que se acaban de expoñer demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Ao contrario, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción desta norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 111/1983, do 2 de decembro, FX 5; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3).

Cómpre sinalar tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Neste sentido, e en relación coa prohibición de afectación aos dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución española, a consolidada doutrina constitucional resúmese na STC 139/2016, do 21 de xullo (FX 6), «1.º (...) este tribunal rexeitou unha interpretación extensiva do dito límite que supoñería o baleiramento da figura do decreto lei e faría este «inservible para regular cunha maior ou menor incidencia calquera aspecto concernente ás materias incluídas no título I da Constitución»; 2.º) A cláusula restritiva debe ser entendida de modo que non se reduza á nada a figura do decreto lei, de xeito que o que se prohíbe constitucionalmente é que se regule un réxime xeral destes dereitos, deberes e liberdades ou que vaia en contra do contido ou elementos esenciais dalgúns de tales dereitos (STC 111/1983, do 2 de decembro, FX 8, confirmada por outras posteriores); 3.º) O Tribunal non se debe fixar unicamente no modo en que se manifesta o principio de reserva de lei nunha determinada materia, senón máis ben debe examinar se existiu «afectación» polo decreto lei dun dereito, deber ou liberdade regulado no título I da CE, o que exixirá ter en conta a configuración constitucional do dereito, deber ou liberdade afectado en cada caso e mesmo a súa localización sistemática no texto constitucional e a natureza e o alcance da concreta regulación de que se trate (...)».

III

Concorren neste real decreto lei, ademais, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e o real decreto lei é o instrumento máis inmediato para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico. En canto ao principio de transparencia, a norma está exenta dos trámites de consulta pública, audiencia e información pública que non son aplicables á tramitación e aprobación de decretos leis. Por último, en relación co principio de eficiencia, neste real decreto lei procurouse que a norma xere as menores cargas administrativas para os cidadáns.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 7.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 23.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias en materia de «Lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas», «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica», «Facenda xeral e débeda do Estado», «Lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas», «Lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas» e «Seguridade pública».

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro do Interior, das ministras de Defensa e de Facenda, do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, das ministras de Traballo e Economía Social e de Industria, Comercio e Turismo, do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ministro de Política Territorial e Función Pública, das ministras para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e

do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de maio de 2021,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto a adopción de medidas complementarias ás recollidas no Acordo do Consello de Ministros, do 19 de xaneiro de 2021, polo que se declaran determinadas comunidades autónomas zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil, como consecuencia do episodio «Filomena» 1/2021; a dita declaración e a aplicación das mencionadas medidas ampliáanse ás comunidades autónomas de Canarias, Cantabria, Cataluña, Rexión de Murcia e á Comunidade Valenciana.

2. Mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta das persoas titulares dos ministerios competentes por razón da materia, poderase acordar, con delimitación das zonas afectadas, a aplicación das medidas necesarias previstas neste real decreto lei a sucesos causados por choivas torrenciais, neve, sarabia, pedrazo, vento, inundacións, desbordamentos de ríos e torrentes, fenómenos costeiros, incendios forestais ou outros feitos catastróficos acaecidos desde o 1 de abril de 2020 ata o 30 de xuño de 2021.

Artigo 2. *Axudas destinadas a paliar danos persoais, danos materiais en vivenda e enxoval, e en establecementos industriais, mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos, e por prestacións persoais ou de bens de persoas físicas ou xurídicas.*

1. Nos supostos de falecemento e de incapacidade causados directamente polos feitos mencionados no artigo anterior concederanse as axudas previstas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, e se establece o procedemento para a súa concesión.

2. A destrución ou danos no enxoval e os danos na vivenda serán obxecto de axudas segundo o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

Co obxecto de acreditar a titularidade sobre os inmobles afectados polos sinistros admitirase como medio de proba calquera documento que demostre a dita titularidade, como os recibos de pagamento do imposto sobre bens inmobles ou outros de análoga natureza.

3. No caso de danos aos establecementos industriais, mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e doutros servizos, cando a persoa interesada fose indemnizada polo Consorcio de Compensación de Seguros con aplicación da franquía prevista no artigo 9 do Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, aprobado polo Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, poderase conceder unha subvención de ata o 7 % da contía dos danos indemnizables producidos polo sinistro, ata o importe máximo de 9.224 euros recollido no artigo 28 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, sen que, en ningún caso, a suma desta subvención e a indemnización que corresponda aboar en concepto de seguro, ou calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, supere o valor do dano ou prexuízo producido. Nestes casos, a persoa interesada deberá presentar unha certificación expedida pola súa entidade aseguradora acreditativa de que esta non aboou en todo ou en parte o importe correspondente á franquía legal aplicada polo Consorcio de Compensación de Seguros.

4. As solicitudes para a concesión destas axudas serán tramitadas e resoltas polas delegacións do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais afectadas e polas subdelegacións do Goberno nos demais casos, e presentaranse no prazo de dous meses contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

5. O disposto no punto anterior será tamén de aplicación ás solicitudes de axudas por danos persoais e ás de persoas físicas ou xurídicas que efectuasen prestacións persoais ou de bens, reguladas no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo.

6. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 471, 472, 482, 771 e 782 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 3. *Axudas por danos causados en producións agrícolas e gandeiras.*

1. As axudas previstas neste artigo irán destinadas ás persoas titulares das explotacións agrícolas e gandeiras que, estando situadas no ámbito de aplicación sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30% da súa produción, conforme os criterios da Unión Europea a este respecto, cando os danos ás producións agrícolas e gandeiras, tendo póliza en vigor para as ditas producións amparada polo sistema de seguros agrarios combinados, non estivesen garantidos polo dito sistema. Igualmente, poderanse conceder estas axudas cando na data de ocorrencia do sinistro non se iniciase o período de garantías do seguro, coa condición de que se contratase o seguro para a mesma liña na campaña anterior. No caso das explotacións gandeiras, para estes efectos, exceptúanse as pólizas contratadas de seguros de retirada e destrución de animais mortos na explotación.

2. As axudas polos danos causados sobre as producións agrícolas axustaranse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, establecerá o procedemento para as axudas previstas neste artigo e a contía máxima destas.

4. Tales axudas atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira se non houber crédito suficiente dispoñible.

Artigo 4. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio 2020 para os sinistros que tivesen lugar en 2020 e ao exercicio 2021 para os sinistros que ocorran en 2021, segundo o recollido no artigo 1, que afecten vivendas, establecementos industriais, turísticos, mercantís, marítimo-pesqueiros e profesionais, explotacións agrarias e forestais, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o citado artigo, cando se acredite que tanto as persoas como os bens situados neles tivesen que ser obxecto de realoxamento total ou parcial noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos, ou perdas nas producións agrícolas e gandeiras que constitúan sinistros cuxa cobertura non resulte posible mediante ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio 2020 para os sinistros que tivesen lugar en 2020 e ao exercicio 2021 para os sinistros que ocorran en 2021, segundo o recollido no artigo 1, ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís, marítimo-pesqueiros, turísticos e profesionais cuxos locais de negocio ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos sinistros aos cales se refire o citado artigo, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciu o cesamento da actividade ata o seu reinicio en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais, xa sexa noutros habilitados

para o efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio daquela, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2019 cando o sinistro tivese lugar en 2020, e desde o 31 de decembro de 2020 cando o sinistro aconteza en 2021.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos previstas nos puntos anteriores comprenderán as das recargas legalmente autorizadas sobre eles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes aos citados exercicios fiscais poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. Estarán exentas das taxas do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico establecidas pola Lei 16/1979, do 2 de outubro, a tramitación das baixas de vehículos solicitadas como consecuencia dos danos producidos polos sinistros e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de conducción destruídos ou extraviados polas ditas causas, sempre que a persoa titular do vehículo acredite dispoñer do seguro obrigatorio de responsabilidade civil do automóbil no momento en que se produciu o dano

6. A diminución de ingresos en tributos locais que as exencións e reducións previstas nos puntos anteriores deste artigo produzan nos concellos, consellos insulares, cabidos insulares, deputacións provinciais e comunidades autónomas será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

7. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 2.

Artigo 5. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. As medidas laborais aplicables polos danos sufridos ou polas perdas de actividade directamente derivadas da borrasca «Filomena», dentro do ámbito territorial a que se refire o artigo 1.1, rexeranse polo disposto no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, e no punto décimo do Acordo do Consello de Ministros do 19 de xaneiro de 2021.

2. Aos traballadores autónomos que perciban prestacións por cesamento de actividade, reguladas no título V do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, cuxa causa inmediata derive dos sucesos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto lei, non se lles computarán, para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos, os catro primeiros meses de percepción da prestación.

Considerarase como cumprido, para os efectos de poder acceder á prestación por cesamento de actividade, o requisito de período mínimo de cotización de doce meses continuados e inmediatamente anteriores á situación legal de cesamento de actividade, previsto no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, para os traballadores por conta propia afectados polos sinistros a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei.

Así mesmo, aqueles traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social que se encontrasen desfrutando dalgunha bonificación ou redución nas cotas á Seguridade Social previstas na Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, e que, como consecuencia directa e inmediata dos sucesos a que se refire o ámbito de aplicación deste real decreto lei, solicitasen a baixa no réxime correspondente, ao solicitar novamente a alta non perderán o dereito ao acceso ás bonificacións ou reducións na cota polo tempo que quedase pendente de desfrute.

3. Conforme o previsto no artigo 272.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e no Real decreto 1445/1982, do 25 de xuño, polo que se regulan diversas medidas de fomento do emprego, para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar do Servizo Público de Emprego competente a adscrición de persoas traballadoras receptoras das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social.

4. A aplicación de exencións e moratorias no pagamento de cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta polos danos sufridos ou polas perdas de actividade directamente derivadas da borrasca «Filomena», dentro do ámbito territorial a que se refire o artigo 1.1, rexeráse polo disposto no artigo 24.2.b) da Lei 17/2015, do 9 de xullo, e no punto décimo do Acordo do Consello de Ministros do 19 de xaneiro de 2021.

Artigo 6. Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.

Para as explotacións e actividades agrarias nas cales se produciron danos como consecuencia directa dos sinistros a que se refire o artigo 1, e conforme as previsións contidas no artigo 37.4.1.º do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e no artigo 38.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, a persoa titular do Ministerio de Facenda, á vista dos informes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde HAC/1155/2020, do 25 de novembro, pola que se desenvolven, para o ano 2021, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido

Artigo 7. Réxime de axudas a corporacións locais.

1. Ás axudas a corporacións locais polos gastos causados para facer fronte a estas situacións de emerxencia non lles será de aplicación a contía prevista nos artigos 22 e 23 do Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, de modo que o importe das axudas se poida estender ata o 100 por cento dos referidos gastos de emerxencia.

Estas axudas non terán por obxecto as reparacións ou reposicións en infraestruturas competencia do Ministerio de Política Territorial e Función Pública. Con todo, poderanse subvencionar aquelas actuacións inaprazables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refiren os ditos artigos, se levaron a cabo co fin de garantir a vida e a seguridade das persoas e o funcionamento dos servizos públicos esenciais. Entre estas actuacións inclúense a evacuación, o aloxamento e a alimentación de persoas afectadas, a retirada de lodos e areas, e a limpeza de vías e contornos públicos que sexan indispensables para os fins descritos.

Para estes efectos, exclúense do dito concepto os traballos levados a cabo con medios propios da corporación local, xa sexan materiais, tales como maquinaria ou ferramentas, xa humanos, entendendo por estes o persoal contratado con anterioridade aos feitos causantes. En ningún caso serán subvencionables os gastos de persoal xerados por bombeiros, policía local, protección civil e outros de carácter análogo.

2. As solicitudes para a concesión destas axudas, que serán tramitadas e resoltas polas delegacións do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais e polas subdelegacións do Goberno nos demais casos, presentaranse no prazo de dous meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

3. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo financiaranse con cargo aos créditos dos conceptos 461 e 761 da aplicación orzamentaria 16.01.134M «Para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados con carácter de ampliables no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 8. Réxime de axudas a entidades locais para a recuperación da zona sinistrada.

1. Aos proxectos directamente relacionados cos sinistros a que se refire o artigo 1 que executen os concellos, as deputacións provinciais, os consellos e cabidos insulares, as comarcas, as mancomunidades e as comunidades autónomas uniprovinciais, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos de titularidade municipal incluídos no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local, e da rede viaria dos consellos e cabidos insulares, das deputacións provinciais e comunidades autónomas uniprovinciais, poderáselles conceder unha subvención de ata o 50 por cento do seu custo, excluídos os traballos levados a cabo con medios propios non personificados da entidade local, xa sexan materiais, maquinaria ou persoal.

2. Tales subvencións atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira se non houber crédito suficiente dispoñible.

3. Facúltase a persoa titular do Ministerio de Política Territorial e Función Pública para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control.

Artigo 9. *Actuacións de restauración forestal e ambiental.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para declarar zona de actuación especial as zonas afectadas, nas materias da súa competencia, e para declarar a emerxencia das obras que, en consecuencia, deban ser executadas polo dito departamento, nas seguintes materias:

a) Restauración hidrolóxico-forestal, control da erosión e desertización, así como traballos complementarios nos espazos forestais incendiados fortemente danados para mitigar os posibles efectos de posteriores choivas, o risco posterior de incendios e as pragas forestais.

b) Recuperación e rexeneración ambiental dos efectos producidos polas intensas nevaradas nos espazos da Rede Natura 2000, en particular nos tipos de hábitats de interese comunitario e nos hábitats onde existan especies de interese comunitario, endemismos ou especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial.

c) Apoio directo á retirada e ao tratamento da biomasa forestal derrubada, de ser o caso.

d) Colaboración no tratamento para control de pragas nas masas forestais.

e) Restauración de infraestruturas necesarias para a xestión forestal.

Artigo 10. *Actuacións no dominio público hidráulico.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para declarar zona de actuación especial para a restauración do dominio público hidráulico as zonas afectadas na bacía hidrográfica correspondente, e a emerxencia das obras que deberá executar o dito departamento, nas seguintes materias:

a) Eliminación dos tapóns formados por restos vexetais procedentes dos incendios.

b) Retirada dos carrexos, sedimentos e residuos que chegasen ou poidan chegar ata as canles provocando unha diminución da súa capacidade de desaugamento.

c) Reparación das marxes que sufrisen procesos erosivos, así como execución de defensas naqueles puntos máis sensibles a sufrir erosións.

Artigo 11. *Actuacións no dominio público marítimo-terrestre.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para declarar zona de actuación especial para a restauración do dominio público marítimo-terrestre as zonas afectadas no litoral correspondente, e a emerxencia das obras que deberá executar o dito departamento, nas seguintes materias:

a) Restauración e demais obras que aseguren a integridade e a adecuada conservación do dominio público marítimo-terrestre, así como os traballos complementarios para asegurar a sustentabilidade da costa e mitigar os efectos de futuros temporais e galernas.

b) Protección e conservación dos elementos que integran o dominio público marítimo-terrestre, en particular, adecuación sustentable de praias e areas, sistemas de dunas e zonas húmidas litorais, a súa recuperación e rexeneración, así como a realización, a supervisión e o control de estudos, proxectos e ou obras na costa.

c) Reparación e restauración de estruturas danadas no litoral, como paseos marítimos, accesos ao dominio público ou muros.

Artigo 12. *Danos nas demais infraestruturas públicas.*

Facúltanse as persoas titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declararen as áreas afectadas como zona de actuación especial, para que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas vinculadas ou dependentes deles poidan levar a cabo as actuacións de restauración que procedan. Para os efectos indicados poderanse declarar de emerxencia as obras que executen tales departamentos para reparar os danos causados en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias, de conformidade co disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 febreiro de 2014.

Artigo 13. *Actuacións en relación co financiamento de avais.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá poñer á disposición dos operadores económicos, dentro do seu ámbito de competencia, cuxa actividade se puido ver afectada pola concorrencia de situacións de alteración das condicións habituais de actividade, liñas de financiamento nas cales subvencionará, en réxime de concesión directa conforme o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, o custo dos avais da Sociedad Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) que son necesarios para a obtención de préstamos co obxecto de fortalecer a viabilidade e o normal funcionamento do sector.

2. Tales axudas atenderanse con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira se non houber crédito suficiente dispoñible.

Artigo 14. *Réxime de contratación.*

1. Poderán ter a consideración de obras, servizos ou subministracións de emerxencia, logo do correspondente acordo do órgano de contratación, cumprindo os requisitos do artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, os contratos de reparación ou mantemento de infraestruturas, equipamentos ou servizos, de obras de reposición de bens prexudicados e de valoracións de danos, calquera que sexa a súa contía. Así mesmo, deberase ter en conta o previsto na disposición adicional centésimo trixésimo sexta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado, sobre comunicación do inicio de actuacións mediante o réxime de tramitación de emerxencia.

2. Declárase urgente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

3. Para a tramitación de expedientes de contratación de obras non incluídas no artigo 236.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deberá ir precedida da formalización da acta de ocupación.

Artigo 15. *Consortio de Compensación de Seguros.*

1. As persoas titulares das delegacións do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais afectadas, e das subdelegacións do Goberno nos demais casos, logo de informe da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, poderán solicitar do

Consortio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos non persoais, as correspondentes valoracións necesarias conforme o artigo 2, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritaxe conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consorcio aprobase para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderanse transmitir os datos sobre as persoas beneficiarias das axudas que se concedan e indemnizacións que se recoñezan, as súas contías respectivas e os bens afectados. As entidades aseguradoras que operen no territorio español estarán obrigadas a subministrar ao Consorcio de Compensación de Seguros a información que este lles solicite para dar cumprimento ao disposto anteriormente.

O intercambio dos datos sobre persoas beneficiarias das axudas que se concedan, as súas contías respectivas e os bens asegurados entre a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros, necesarios para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, realizarase a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e do Consorcio de Compensación de Seguros, mediante o procedemento que entre ambos establezan.

Disposición adicional primeira. *Créditos orzamentarios.*

As medidas referentes a danos en infraestruturas municipais e na rede viaria das deputacións provinciais, consellos, cabidos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais, actuacións no dominio público hidráulico e no marítimo-terrestre, actuacións de restauración forestal e ambiental, e nas demais infraestruturas públicas financiaranse de conformidade co previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e serán atendidas con cargo ás dispoñibilidades orzamentarias existentes nos departamentos ministeriais e organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes deles.

Naqueles casos en que se acrediten insuficiencias orzamentarias nos departamentos ministeriais, as actuacións recollidas neste real decreto lei poderanse financiar con cargo ao Fondo de Continxencia de execución orzamentaria. En todo caso, nos termos previstos no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, a aplicación do Fondo de Continxencia aprobarase mediante acordo do Consello de Ministros.

Disposición adicional segunda. *Comisión interministerial de seguimento das medidas de apoio a damnificados.*

1. De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas de apoio previstas neste real decreto lei, adscrita á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada por persoas representantes dos ministerios do Interior, de Defensa, de Facenda, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Política Territorial e Función Pública, para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, así como das delegacións do Goberno nas comunidades autónomas afectadas e do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. A Presidencia da Comisión interministerial corresponderá ao titular da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e actuará como secretario do órgano colexiado, con voz pero sen voto, un funcionario da citada dirección xeral.

3. O seguimento das medidas de apoio previstas neste real decreto lei levarao a cabo esta comisión interministerial, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno. Antes do 1 de novembro

de 2021, a Comisión interministerial elaborará un informe sobre as actuacións levadas a cabo en execución deste real decreto lei.

4. A súa creación e funcionamento serán atendidos cos medios persoais, técnicos e orzamentarios dispoñibles, sen que supoña incremento de gasto público.

Disposición adicional terceira. *Avaliación de impacto ambiental.*

Mediante acordo do Consello de Ministros determinarase a exención de avaliación de impacto ambiental daquelas obras de reparación ou rehabilitación de infraestruturas, equipamentos ou instalacións a que se refire este real decreto lei, así como as actuacións no dominio público dispostas nos seus artigos 10 e 11, que, debendo someterse a avaliación de impacto ambiental, conforme o artigo 7 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, quedarán exentas da substanciación do dito trámite, en cumprimento do disposto no artigo 8, números 2, 3, 4 e 5 da mencionada lei.

Disposición adicional cuarta. *Presentación de solicitudes.*

As solicitudes de axudas presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei poderanse volver presentar nos prazos previstos nos números 4 e 5 do artigo 2, sempre que algunha das condicións e requisitos para a concesión das ditas axudas fose modificada por el.

Disposición adicional quinta. *Datos persoais.*

O intercambio de datos sobre persoas beneficiarias das axudas que se concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados entre a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros, necesario para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, realizarase a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e do Consorcio de Compensación de Seguros, mediante o procedemento que entre ambos establezan.

Disposición adicional sexta. *Rexistro das axudas na Base de datos nacional de subvencións.*

Os órganos competentes deberán rexistrar na Base de datos nacional de subvencións as axudas concedidas ao abeiro deste real decreto lei, segundo o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 7.^a, 13.^a, 14.^a, 17.^a, 23.^a e 29.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias en materia de «Lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas», «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica», «Facenda xeral e débeda do Estado», «Lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas», «Lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas» e «Seguridade pública».

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e as persoas titulares dos distintos departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de maio de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN